SEMPRE CARA ADIANTE

A ESTRADA QUE QUERES /♥

PROGRAMA ELECTORAL

PSdeG PSOE A ESTRADA

NOVOS TEMPOS PARA A ESTRADA

A Estrada merece un goberno municipal capaz de enfrontar os problemas que frean o seu desenvolvemento, e de liderar as iniciativas que nos permitan medrar xuntos como concello. Os nosos esforzos vanse centrar en xerar as condicións para facer posible o desenvolvemento industrial e empresarial de A Estrada. Só desta maneira seremos capaces de combater a perda e envellecemento da poboación e de crear un lugar próspero no que vivir.

Desenvolveremos políticas que teñan no centro ás persoas, facendo de A Estrada unha referencia para os concellos semellantes ao noso. As familias gozarán dos servizos que permitan o crecemento dos máis cativos nun clima de respecto, concienciación e estímulo das súas capacidades.

Tamén queremos ser exemplo de concello preocupado polos seus maiores. Presentamos para iso unha ambiciosa axenda en materia de política social, que garanta unha vellez activa e digna, sen que a idade sexa un motivo de discriminación ou de risco de exclusión.

Buscaremos un desenvolvemento urbano no que as persoas sexan protagonistas, unha vila pensada para vivir. Levaremos servizos ao rural na nosa determinación de facer del un lugar onde xerar oportunidades, no que vivir sexa un privilexio e non un problema.

Faremos unha acción de goberno baseada no respecto, con conciencia social e garantindo a igualdade de tódalas persoas. O noso compromiso coas causas sociais estará acompañado de políticas que fomenten a convivencia e melloren as relacións sociais dentro de A Estrada.

Seremos unha administración responsable e preocupada polas veciñas e os veciños de A Estrada. O concello volverá a ser a casa común, porque faremos unha política municipal coas achegas de todos.

Novos tempos para
A Estrada

Índice

O CONCELLO DE TODAS E DE TODOS....3
Misión....3
Visión....3
Valores....4
PROMOCIÓN ECONÓMICA....5
Industria....5
Comercio....7
Emprego....8
Vivenda....9
RURAL....10
BENESTAR SOCIAL....13
Política social....13
Igualdade....15
Conciliación....16
Infancia e mocidade....17
INFRAESTRUTURAS....19
EDUCACIÓN E CULTURA....22
Educación....22
Cultura....23
DEPORTE....25
TURISMO....27
TRANSPARENCIA E BO GOBERNO....29

O CONCELLO DE TODAS E DE TODOS

A Estrada é un Concello rural cun forte compoñente urbano. O Concello debe ser quen de atender a esta realidade para orientar a súa acción de goberno e contar con todas os cidadáns para que a institución sexa de todos. Deica 2023, o futuro goberno municipal orientará a súa estratexia de acordo coas seguintes pautas:

Misión

O Concello será o lugar onde se defendan os intereses de todos. A razón de ser do vindeiro goberno socialista será mellorar a calidade de vida das persoas empregando as ferramentas da política municipal. Dende esa xustificación da nosa existencia procuraremos desenvolver A Estrada dende o punto de vista social e económico. O concello velará polo benestar dos estradenses, e será unha fonte de oportunidades para as nosas empresas.

Visión

O Concello será unha referencia en Galicia sobre como facer a xestión dos principais problemas dos nosos comparables. A Estrada que está por vir será un Concello que atraia poboación moza e medre en emprego grazas ao crecemento da nosa industria. A vila será un modelo urbanístico sostible e pensado para as persoas, e o noso amplo rural será terra de oportunidades para facer vida por contar con todas as comodidades que se atopan no casco urbano. A nosa política social será exemplo de xestión do envellecemento da poboación, e o concello garantirá que os nosos maiores teñan unha vellez digna. Dende o punto de vista económico, A Estrada será un lugar onde desenvolver iniciativas, pois haberá un forte apoio do concello aos seus emprendedores e empresarios. Lideraremos a promoción económica do noso tecido industrial, empresarial e comercial.

Valores

No futuro concello estaremos representados todos os estradenses, sen ningunha excepción. O noso goberno actuará con respecto aos cidadáns e ás súas inquedanzas, sendo obrigatorio escoitalos, avalialos e responderlles coa clara orientación á solución dos seus problemas, e sempre coa verdade por diante. Seremos un concello exemplo de participación cidadá e de transparencia, onde as decisións se tomarán co criterio principal de que queren as veciñas e os veciños para o futuro de A Estrada.

PROMOCIÓN ECONÓMICA

A industria e o comercio esmorecen en A Estrada. A situación demográfica e económica do concello inciden directamente na realidade de comerciantes, empresarios e familias. Os esforzos do goberno socialista terán o obxectivo de promover o crecemento da nosa industria nun 10% nos vindeiros catro anos.

Para cumprilo, deseñamos un programa de medidas que estimulen o crecemento do tecido socioeconómico, contribuíndo a xerar novos postos de traballo que freen a sangría demográfica que estamos a padecer. Lograremos que os xóvenes non teñan que fuxir da Estrada na procura dun medio de vida.

Industria

- Solo industrial público: Elaboraremos un plan director para conseguir solo industrial público co que promover o crecemento da industria local e atraer investimentos á Estrada. Terá carácter urxente e será a ferramenta principal para cumprir co obxectivo de desenvolver o concello dende o punto de vista económico e industrial.

- Ademais de conseguir o solo, que é o primeiro paso, melloraremos as dotacións e os servizos no polígono industrial de Toedo. Isto aumentará a competitividade do noso terreo fronte a solo industrial doutros concellos veciños.

- Empresas locais: Nos procesos de contratación e ao amparo da legalidade vixente, primarase a presenza das empresas establecidas en A Estrada. Así estimularemos ao noso tecido empresarial apostando pola dinamización económica local e a xeración de postos de traballo.

- Fomentaremos a constitución de UTEs de empresas locais para o seu acceso ás obras públicas e grandes contratos do concello. Esta medida contribuirá a xerar postos de traballo na Estrada.

- Crecemento industrial: crearemos incentivos fiscais e axudas á contratación de persoal.

- Estratexia Industrial 2027: Colaboraremos coa Zona Franca de Vigo para elaborar un plan estratéxico de crecemento e asentamento industrial en A Estrada.

- Crearemos un Departamento de Promoción Económica: Apoiaremos ás empresas locais a través de políticas activas que estimulen a actividade económica. Ampliaremos o servizo e facilitaremos a relación empresa – administración local. Prestaremos asesoramento para facer máis áxil a xestión das nosas empresas.

- Darémoslle microcréditos aos nosos emprendedores para facilitar o inicio da súa actividade.

- Favoreceremos a integración vertical da nosa industria, para xerar sinerxías e realizar actividades de maior valor engadido no noso concello.

- Fomentaremos a industria 4.0 e tecnolóxica para mellorar as competencias nas nosas empresas. Prestaremos formación nas novas tecnoloxías para mellorar a adaptación das empresas á evolución.

- Esixiremos á Xunta que actúe ante a morte anunciada da Feira do Moble, e traballaremos dende o concello para revitalizar o evento, apostando por enfocalo a un perfil profesional de clientes.

- Apostaremos pola xestión de fondos europeos para desenvolver proxectos dinamizadores da economía local, igual que fixemos cando conseguimos o diñeiro para o novo mercado.
- Axilizaremos a burocracia para a creación de novas empresas e en especial para o inicio da actividade. Seremos capaces de dar licencias de actividade en 15 días.
- Apoiaremos as iniciativas empresariais no rural dende os puntos de vista económico e de servizos nas instalacións.
- Ampliaremos os servizos no Viveiro de empresas a través do departamento de promoción económica, para facer del un centro referente no que acelerar o crecemento das iniciativas empresariais que se acollen nel.
- Implementaremos iniciativas dinamizadoras dos sectores agrario e gandeiro da man dos profesionais locais.

Comercio

- Crearemos zonas de ocio familiar repartidas polo casco urbano para facilitar que as familias compren no comercio local.
- Crearemos unha bolsa de baixos comerciais que terá a finalidade de dinamizar o aluguer e intentar reducir os prezos.
- Daremos formación específica para os comerciantes en novas tecnoloxías, para estar ao tanto das posibilidades do comercio e do márketing online. Intentaremos que o comercio local aplique as novas solucións e aproveite as oportunidades que brinda a era dixital.

- Colaboraremos activamente coa ACOE nas iniciativas que contribúan á promoción do comercio local.
- Promoveremos un estudo comercial sobre o Novo Mercado, coa finalidade de aproveitar mellor o espazo e atraer consumidores cubrindo mellor as necesidades dos clientes.
- Faremos un estudo xeral de necesidades comerciais no que identificaremos os problemas, baleiros de mercado e solucións para dinamizar o comercio en A Estrada.
- Revitalizaremos a Mesa polo Comercio, e confluiremos nela o Concello, os comerciantes e os consumidores, para elaborar iniciativas conxuntas entre a Administración Local e o tecido comercial.
- Promoveremos a adquisición de produtos do agro local a través do consumo colaborativo de carácter non lucrativo.

Emprego

A perda de poboación activa lastra a viabilidade de A Estrada como Concello de primeira categoría. Perdemos o 5 % da nosa poboación dende 2010 ata hoxe, e se continúa esta tendencia perderemos os 20.000 habitantes en 2024. Para retomar a senda do crecemento e ser exemplo de como combater este problema, desenvolveremos políticas de emprego que garantan oportunidades de facer vida no noso concello.

- Fortaleceremos o Programa Integral de Emprego para ampliar a súa cobertura e indicadores de colocación.

- Negociaremos cos grupos de interese do persoal do concello para sacar adiante unha Relación de Postos de Traballo con visión de futuro e de acordo cos municipios comparables.

- Fomentaremos o autoemprego. Divulgaremos as fórmulas da economía social como emprego de calidade e con mellores taxas de supervivencia.

- Melloraremos as liñas de axuda aos nosos emprendedores, en especial ás iniciativas relacionadas co sector primario.

Vivenda

- Crearemos bolsas de vivenda en aluguer no entorno rural e urbano con incentivos aos inscritos. A bolsa prestará servizos de xeito que arrendar non sexa un inconveniente para os propietarios.

- Ofreceremos axudas económicas para alugueiro de vivenda a persoas en dificultades económicas e para favorecer a emancipación real das nosas mozas e mozos.

RURAL

A Estrada é un concello eminentemente rural, que pola súa extensión xeográfica fai necesario trasladar os servizos ás parroquias. Vivir nelas non debe ser unha desvantaxe en relación a facelo no casco urbano. O obxectivo do goberno socialista será prestar e ampliar nos vindeiros catro anos os servizos necesarios para fixar poboación no rural e contribuír á dinamización social e económica das nosas parroquias.

- Aseguraremos a prestación dos servizos públicos básicos no rural. Estaremos en contacto continuo coas parroquias para saber qué melloras precisan.
- Executaremos un plan anual de mantemento de infraestruturas no rural. Coidaremos os viais, desbroces, e reparacións de bens públicos ano a ano.
- Desenvolveremos un plan plurianual de saneamentos. O obxectivo é ter saneados o 100 % dos núcleos máis poboados nos vindeiros 8 anos.
- Solucionaremos os problemas das traídas de auga públicas existentes e ampliaremos a rede a outras parroquias. Tamén ofreceremos axudas para o mantemento das traídas privadas.
- Reforzaremos as rutas de recollida de lixo nos períodos nos que se xeran máis residuos. Xestionaremos coa concesionaria a colocación de máis contedores para reciclaxe no rural e a ampliación da cobertura da recollida.
- Sumarémonos ó programa de compostaxe da Deputación de Pontevedra para adaptarnos á normativa europea canto antes.

- Negociaremos coa empresa distribuidora a mellora da electrificación e banda ancha no rural.
- Poremos en funcionamento as liñas de saneamento que quedaron preparadas no anterior goberno socialista, e que dous mandatos despois seguen sen estar en funcionamento.
- Sinalizaremos e identificaremos os núcleos de poboación. Instalaremos sinais direccionais e implantaremos medidas de seguridade vial, con especial atención a escolas e puntos de interese turístico.
- Indicaremos as zonas de paso habitual de ciclistas para facer máis segura a práctica do ciclismo.
- Reforzaremos a seguridade nas parroquias máis dispersas. Acordaremos roldas de vixilancia coa Garda Civil.
- Subvencionaremos un "botón de emerxencia" para os maiores . Unha rede de aviso para que as persoas que viven soas só teñan que premer un botón para alertar dun perigo ou emerxencia.
- Crearemos os "Centros de momentos compartidos". Serán locais para que a terceira idade poida realizar actividades durante todo o ano. Facilitaremos a mobilidade ata o centro de reunión.
- Vertebraremos o noso concello cun servizo de transporte baixo demanda. Utilizaremos os Centros de momentos compartidos para conectar o rural co casco urbano e facer máis sinxelo desprazarse a facer xestións na vila.
- Retomaremos o traballo de equipamentos parroquiais en locais sociais .
- Adoptaremos medidas para frear o despoboamento, como a creación dunha bolsa de vivenda.

- Aprobaremos axudas ao establecemento e fixación de poboación no rural.
- Proporemos iniciativas e plans de acción para a incorporación de tecnoloxías eficientes que permitan o aforro de recursos públicos na prestación de servizos.
- Extenderemos a axenda cultural, deportiva e social ás parroquias de A Estrada.
- Deseñaremos e promoveremos circuítos culturais que dinamicen as parroquias en colaboración estreita coas asociacións, , e co colectivo de casas de turismo rural, fomentando o coñecemento da nosa propia historia e impulsando encontros de intercambio de experiencias, iniciativas conxuntas e actividades.
- Ampliaremos o Plan de actividades para maiores no rural, ao abeiro dos Centros de momentos compartidos.
- Traballaremos na recuperación e dinamización de espazos de interese cultural e turístico, con proxectos para a recuperación e posta en valor do patrimonio estradense.
- Esixiremos a finalización das concentracións parcelarias que faltan por rematar, e xestionaremos a posta en marcha dos novos procesos de concentración que demande o rural.
- Faremos un plan de erradicación de vertidos incontrolados en ríos, vías públicas e montes.
- Impulsaremos actividades de dinamización económica do sector primario: cooperativas de produtores, rutas cabalares, feiras de pascua, feira da sidra, espazos de coworking...

BENESTAR SOCIAL

O Concello debe ser un exemplo de benestar social, de igualdade e de loita contra a exclusión. Para cumprir con esta misión sentaremos as bases para desenvolver a autonomía e a liberdade persoais, as relacións afectivas satisfactorias e a integración social. O obxectivo é facer de A Estrada un concello modélico na xestión social, para o que implantaremos políticas que nos acheguen aos novos modelos de sociedade.

A Estrada é un municipio que envellece, na tónica xeral de Galicia. Por iso os nosos maiores serán unha prioridade para o Concello.

Política social

- Crearemos o Centro Integral de Atención Social nas instalacións do vello Centro Médico. Nese edificio estarán contidos os seguintes servizos:
    - Centro de Atención Temperá para tratamento nos cativos de problemas como hiperactividade, nacemento prematuro, desenvolvemento intelectual, TDHA entre outros.
    - Reubicación do Centro de Día e aumento das prazas ofertadas .
    - Unidade de recuperación para persoas con mobilidade reducida e afectados por ictus.
    - Unidade de atención a persoas con diversidade funcional.
- Aplicaremos un Plan Sociosanitario que coordine aos servizos de saúde e aos servizos sociais municipais, facendo unha atención completa e multidisciplinar para os nosos maiores.

- Actualmente existe un protocolo que o Concello non está a aplicar. Este Plan centrarase na atención a pacientes crónicos, persoas que viven soas, dependentes e persoas que padecen outras dificultades (para comer, desprazarse...) e terá en conta problemas non referidos estritamente ao eido médico pero que inflúen sobre a saúde.

- Xestionaremos a construción dunha nova residencia de maiores aumentando o número de prazas dispoñibles ás.

- Apoairemos programas integrais que permitan unha vellez digna no propio domicilio. Procuraremos o mantemento da autonomía persoal a través da educación da saúde, práctica de exercicio físico, hábitos de vida saudable e prevención de accidentes.

- Impulsaremos a protección integral das persoas maiores, afrontando de forma específica os seus problemas de seguridade coordinando a actuación dos servizos sociais e a policía. Poremos especial atención nas persoas maiores que viven soas, tratando de previr accidentes e situacións de desamparo.

- Converteremos os centros e locais socioculturais das parroquias en auténticos centros sociais de referencia para toda a poboación da zona, con apoio dos profesionais de servizos sociais. Tamén promoveremos proxectos de participación social para a estimulación persoal e a cooperación entre veciñas e veciños das parroquias.

- Ampliaremos a cobertura das actividades con persoas maiores cunha frecuencia mínima semanal, axeitando os obradoiros ás necesidades das persoas ás que van dirixidas.

- Desenvolveremos actividades para o mantemento da autonomía persoal dos nosos maiores e persoas con diversidade funcional (talleres de

memoria, actividades ocupacionais, actividades físicas, novas tecnoloxías, igualdade...).

- Poremos en marcha Plans municipais de cooperación interxeracional no ocio e tempo libre, desprazamentos, colaboración cos centros escolares, aloxamento, etc.
- Estableceremos programas específicos de atención e apoio a coidadores non profesionais de persoas dependentes e familias con persoas con dificultades e autonomía a cargo.

Igualdade

- Incorporaremos a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas.
- Incluiremos cláusulas en favor da igualdade laboral nos pregos de contratación do concello.
- Esixiremos un módulo sobre igualdade en todas as probas teóricas para contratación de persoal no Concello.
- Fomentaremos o uso da linguaxe inclusiva no eido da administración pública.
- Facilitaremos aloxamentos de urxencia para mulleres vítimas de violencia machista, acompañadas dos seus fillos e fillas e outras persoas a cargo.

Conciliación

- Reforzaremos as actividades do Espazo Concilia.
- Crearemos o Plan de apoio aos cidadáns. Irá acompañado dunha bolsa de persoal de apoio en coidados a dependentes como persoas maiores, enfermas e nenas e nenos. (Concertos con empresas, bolsas de emprego de persoal especializado...).
- Impulsaremos o pago fraccionado de tributos. Elaboraremos plans personalizados de pagamento.
- Orientaremos e asesoraremos ás veciñas e aos veciños en situación de pobreza enerxética, retraso en cotas de saúde, educación ou compra de vivenda.
- Presentaremos e difundiremos o catálogo de servizos e prestacións municipais para garantir o coñecemento dos dereitos dos cidadáns e os apoios que pode brindarlle o concello.
- Poremos en marcha o Punto de Apoio e Orientación a Familias en situación de crise e/ou conflito familiar.
- Desenvolveremos Talleres de habilidades sociais, de resolución de conflitos e de crecemento persoal para persoas ou familias en dificultades.
- Atenderemos a nais e pais con cargas familiares non compartidas, en situación de paro prolongado e/ou con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral. Utilizaremos medidas de acompañamento que inclúan a atención dos menores durante o tempo necesario para actividades orientadas á procura activa de emprego (cursos, entrevistas, obradoiros, etc.).

- Loitaremos contra a exclusión social dende a perspectiva da cohesión, levando a cabo estratexias dirixidas ás persoas, ao entorno e á comunidade en xeral.
- Promoveremos o programa municipal de voluntariado social. Apoiaremos as iniciativas voluntarias que desenvolvan entidades sociais no noso concello. Colaboraremos en proxectos sociais de interese, apoiaremos a formación do voluntariado, e emprenderemos accións de difusión da labor voluntaria en A Estrada.
- Fomentaremos a alfabetización en todos os colectivos, en especial a alfabetización nas novas tecnoloxías.
- Apoiaremos o asociacionismo e as relacións entre as entidades xa existentes para facilitar o acceso aos recursos.
- Reforzaremos o convenio de colaboración con Cáritas A Estrada para abordar situacións de urxencia respecto de aloxamento e manutención.
- Reforzaremos o convenio de colaboración coa Cruz Vermella Española para desenvolver actuacións de incorporación social de persoas inmigrantes.

Infancia e mocidade

A Estrada debe ser un lugar onde se fomenten as inquedanzas das persoas mozas, para axudar a desenvolver a súa conciencia social e potenciar a súa iniciativa para lanzar proxectos de interese para a súa comunidade.

Elaboraremos un Plan de Xuventude co que procuraremos que as rapazas e rapaces do Concello medren como persoas e se preparen para a súa vida adulta.

A nosa prioridade será inculcar os valores que farán a nosa sociedade máis xusta, igual e libre de fobias de calquera tipo.

- Reactivaremos a OMIX: Órgano que coordine as iniciativas xuvenís e ofreza formación aos rapaces no eido da convivencia. (Bullying, homofobia, feminismo e igualdade e outros campos de interese).
- Informaremos sobre os corpos de voluntariado europeo, educación non formal, intercambios, etc. Abrirémoslle novas portas aos nosos mozos.
- Crearemos espazos e estruturas de participación. Darémoslle protagonismo á xuventude incentivando a súa participación e proporcionando recursos públicos e protección para os seus proxectos..
- Autorizaremos o uso de espazos públicos equipados para actividades xuvenís e infantís.
- Procuraremos a apertura dun Espazo Mozo axeitado ás demandas dos colectivos máis representativos.
- Colaboraremos co asociacionismo xuvenil, apoiando as súas iniciativas e encamiñando os nosos esforzos a cumprir as súas demandas.
- Xeraremos actividades en colaboración cos centros de ensino para que os nosos cativos coñezan A Estrada.

INFRAESTRUTURAS

A Estrada é un concello rural no que conviven en harmonía as parroquias e o casco urbano. A perda de poboación é un lastre que convén atallar para asentar poboación e cumprir o noso obxectivo de ser unha referencia na loita contra este problema.

- Reforzaremos o compromiso municipal coa chegada da autovía Santiago-A Estrada e a variante da N-640, esixindo á Xunta de Galicia e ó Estado a execución de ámbalas dúas infraestrututas fundamentais para vertebrar o noso concello e as súas comunicacións.
- Esixiremos á Xunta de Galicia a reforma da PO-213 A Estrada-Ponte Ulla, e da PO-214 A Estrada-Pontecesures, así como a implantación de melloras de seguridade vial nas mesmas.
- Reporemos a rede de canalizacións de augas do casco urbano e resolveremos as deficiencias das do rural .
- Solucionaremos os constantes cortes de auga e implantaremos detectores de fugas na rede de abastecemento
- Planificaremos e artellaremos un plan de zonas verdes e espazos públicos, garantindo o mantemento do carácter público e os usos dos solos cedidos como dotacionais.
- Adherirémonos como Municipio Amigo á Rede Española de Cidades Intelixentes, para mellorar a calidade de vida das veciñas e dos veciños e implantar no concello o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.

- Limitaremos a 30 km/h a velocidade nas rúas de titularidade municipal do casco urbano.
- Dixitalizaremos a zona azul gratuita para facela máis accesible, sostible e controlar de xeito efectivo que cumpra o obxectivo de rotación de vehículos aparcados.
- Reorganizaremos as zonas verdes de uso exclusivo para residentes.
- Promoveremos un modelo de vila para os veciños e veciñas, con espazos públicos activos e sostibles.
- Crearemos parques infantís en distintas zonas da vila, para dinamizar todas as áreas do casco urbano.
- Se existe demanda, xestionaremos hortas urbanas para que os estradenses poidan explotar terreos que actualmente están sen utilizar.
- Humanizaremos o entorno da Praza da Feira. Construiremos un parque infantil cuberto nas inmediacións.
- Crearemos, melloraremos e manteremos aparcamentos públicos en superficie, para incrementar a comodidade no casco urbano. Estudo de creación de novos parkings.
- Instalaremos composteiros comúns no casco urbano e no rural, para mellorar a utilidade dos residuos orgánicos e contribuír a facer de A Estrada un concello máis sostible. Avaliaremos financialo a través da Deputación de Pontevedra para liberar fondos da EDUSI que destinaremos a outras actuacións.
- Impulsaremos un estudo sobre o Matadoiro Municipal ,de acordo coa Zona Franca de Vigo. Buscaremos un novo aproveitamento para esta

infraestrutura que carece dun uso actualmente, priorizando unha utilización que dinamice o sector primario.

- Melloraremos e ampliaremos os servizos do Punto Limpo, para que os residuos teñan un mellor tratamento. Reforzaremos o servizo de recollida de enseres voluminosos.
- Eliminaremos as barreiras arquitectónicas para ofrecer unha Estrada accesible para todos e todas.
- Aumentaremos as rutas de transporte público.

EDUCACIÓN E CULTURA

Estas dúas áreas son principais á hora de analizar unha sociedade. A Estrada debe ser un referente nas facilidades que ofreza para a educación a todos os niveis, e tamén promover o acceso en igualdade á cultura. Para iso, presentamos un paquete de medidas co obxecto de mellorar a oferta formativa e de ampliar os servizos e as actividades culturais.

Educación

- Impulsaremos as aulas de reforzo municipais: Reforzo educativo para persoas sen recursos.
- Aumentaremos o Servizo de Pais Madrugadores de acordo coas Anpas que o demanden.
- Ofreceremos cursos de formación en primeiros auxilios para mozos/as a través dos centros educativos, en colaboración coa agrupación de voluntarios Protección Civil.
- Formalización da ampliación de horarios da biblioteca en épocas de maior carga lectiva.
- Aproveitamento activo das instalacións dos centros escolares fóra do horario escolar.
- Ampliaremos as axudas para adquisición de material escolar en función da renda familiar.
- Revisaremos e melloraremos as axudas para comedores escolares.

- Promoveremos a celebración común de actividades entre os centros educativos, para mellorar as relacións dos nosos cativos en xornadas de convivencia en torno á cultura, ao deporte, a educación para a cidadanía, etc
- Desenvolveremos programas de prevención de condutas de risco para a saúde, con especial atención á prevención do inicio en menores e contra o sedentarismo, alcohol e drogas, educación vial, etc.
- Prestarémoslle especial atención á redución do absentismo escolar, coordinando e colaborando con todos os servizos municipais implicados.
- Promoveremos a revisión e actualización da zonificación escolar para mellorar a calidade da atención educativa.
- Iniciaremos campamentos (urbanos e rurais) con servizo de comedor para aquelas familias que o precisen durante os períodos de vacacións escolares (nadal e verán).
- Iniciaremos campañas de plantación de especies autóctonas en zonas afectadas polo lume.
- Crearemos un monte con especies autóctonas semellante ao feito no Gaiás. Incluiremos sendas verdes.

Cultura

- Crearemos Bonos Culturais para garantir o acceso á cultura en igualdade de condicións.
- Aumentaremos a oferta da Biblioteca municipal, apostando tamén polo cine e a música.

- Desenvolveremos o Plan de colaboración cultural. Crearemos o Consello local da cultura e as artes, no que convidaremos a participar a creadores e organizadores locais nos ámbitos culturais, asociativos...
- Promoveremos as redes que poñan en valor a participación social nas disciplinas artísticas.
- Colaboraremos co tecido sociocultural: Compañías, empresas culturais, cooperativas de artistas, asociacións e entidades que dinamizan a vida comunitaria e cultural.
- Publicaremos un calendario cos horarios nos que visitar os bens inmobles de interese cultural.
- Crearemos un bono cultural para os colectivos con menor poder adquisitivo, para que todos poidamos acceder ás programacións culturais sen discriminación por motivos económicos.
- Impulsaremos o proxecto Rutas do patrimonio para a difusión e posta en valor da ruta do románico. Crearemos un centro interactivo do románico en A Estrada.
- Desenvolveremos liñas de cooperación coas parroquias para potenciar a participación nas súas festas.
- Colaboraremos coas asociacións veciñais, culturais, xuvenís, de mulleres, empresariais.... na definición de programas culturais e de actividades de lecer.

DEPORTE

O deporte será tamén protagonista na nosa acción de goberno. Enfocarémolo dende a perspectiva do benestar social e a formación das persoas nos seus valores. Fomentaremos a súa práctica e procuraremos a axilidade para que a única preocupación dos nosos deportistas e clubs sexa mellorar.

- Ampliaremos o servizo de Deportes creando a Fundación Deportiva do Concello da Estrada: Isto aportará un servizo efectivo e facilitará a xestión dos recursos dedicados ao fomento do deporte no Concello, axudando a directivas e deportistas a centrarse nas súas tarefas.
- Integraremos a Carballeira na zona deportiva, que será o pulmón urbano de A Estrada. Crearemos unha gran zona verde pensada para as persoas e para a práctica de deportes.
- Darémoslle apoio aos clubs deportivos no referente a tramitación burocrática, administración, tramitación de fichas, etc.
- Potenciaremos o uso dos espazos deportivos acollendo nas instalacións do Concello a todos os colectivos que demanden un emplazamento axeitado para o desenvolvemento das súas actividades.
- Construiremos pistas de atletismo na zona do Estadio Municipal Manuel Regueiro.
- Poremos en marcha un centro BTT con aluguer de bicicletas e GPS

- Crearemos salas multiusos no pavillón Coto Ferreiro para a práctica deportiva dos nosos clubs e deportistas, así como doutras actividades que requiran eses espazos.
- Habilitaremos oficinas e espazos de almacenamento para clubs na zona dos pavillóns deportivos.
- Levaremos o deporte ao rural, con escolas deportivas e ligas locais, empregando os pavillóns dos colexios.
- Promoveremos os vínculos entre centros educativos para a práctica deportiva en común, achegando ás nosas rapazas e rapaces con xornadas de convivencia en torno ao deporte.
- Poremos a disposición das familias Bonos Deportivos, para que acceder ao deporte sexa un dereito exercido en igualdade e sen discriminación por motivos económicos.
- Crearemos un bono mensual para a piscina municipal.
- Impulsaremos programas para promover a actividade física na rúa
- Apoiaremos iniciativas de utilización creativa do ocio e deporte na natureza que sexan xeradoras de emprego.

TURISMO

O turismo debe ser un dos motores económicos da Estrada. Debemos aproveitar o noso patrimonio natural e utilizalo como activo turístico. Para impulsar este sector e atraer visitantes, ampliaremos a oferta e crearemos novos espazos de interese. O obxectivo deste paquete de medidas é crear unha rede de lugares que permitan acceder a un tipo de cliente con estancias máis longas, e que consuma máis na Estrada durante eses días.

Recuperaremos as axudas para persoal especializado. Con isto favoreceremos a atención aos turistas que nos visitan, teremos liña directa cos visitantes, e poderemos elaborar estratexias para resolver as necesidades.

- Estudaremos a apertura da oficina de turismo nas instalacións do Museo Reimóndez Portela.
- Traballaremos para conseguir que a Rapa das Bestas sexa declarada Patrimonio Cultural Inmaterial da Unesco.
- Orientaremos o noso modelo ao turismo activo, aproveitando os nosos recursos naturais. Promoveremos o acceso a este mercado en crecemento.
- Fomentaremos o turismo. Tenderémoslle a man aos concellos da nosa contorna para crear plans turísticos conxuntos que promocionaremos en eventos e outras canles de márketing. O obxectivo destas políticas é desenvolver un perfil de turista que se achega á nosa comarca durante períodos máis prolongados de tempo pola ampla oferta de actividades.

- Apoiaremos a creación de zonas fluviais no entorno dos nosos ríos, da man das asociacións que xa traballan nestas iniciativas. (Pina, Areal - Berres, Couso, Barcala, Curantes, Aguións, Callobre...).
- Crearemos sendas verdes peonís e para bicicletas, que conecten o casco urbano e os nosos puntos de interese rurais.
- Colaboraremos coas asociacións locais para elaborar estratexias de turismo e encamiñar o apoio do concello a iniciativas concretas.

TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

O concello volverá a ser a casa das veciñas e dos veciños, e a nosa acción terá como centro a participación de todos no desenvolvemento de A Estrada. Cremos nun concello próximo á xente, transparente, participativo e no que todos os estradenses confiemos.

A nosa xestión pública xirará en torno á defensa dun sistema de servizos públicos de calidade e que permita a achega de todos os pareceres.

- Crearemos o Portal de Transparencia como unha aposta real na que as veciñas e os veciños poidan comprobar a xestión do goberno municipal.
    - Publicaremos na web do concello o desenvolvemento dos procesos selectivos e de contratación de persoal, así como procesos de contratación de obras e servizos.
    - Informaremos de calquera cambio na estrutura orgánica, reorganización ou nomeamento.
    - Incluiremos os bens e patrimonio dos membros do goberno municipal.
    - Publicaremos as contas na páxina web para mellorar a dispoñibilidade destes documentos.
- Impulsaremos o uso da Sede Electrónica do Concello de A Estrada. Axilizaremos os trámites co consistorio e ampliarémola a outros servizos, (policía local, conservatorio, biblioteca...) para facelos máis accesibles e cómodos. Daremos formación especialmente no rural, para que os nosos

maiores tamén sexan capaces de utilizar esta canle de comunicación co Concello.

- Estableceremos un sistema estrito de incompatibilidades que asegure que non se produce conflito de intereses do goberno no desempeño das súas funcións.
- Crearemos a Consulta cidadá directa co Alcalde e cos Responsables de área, de xeito presencial ou a través de medios telemáticos.
- Achegaremos a actividade do Pleno ás veciñas e aos veciños ofrecéndolles o seguemento dos plenos municipais a través de streaming.
- Publicaremos os orzamentos municipais na web do Concello. Trasladaremos os documentos completos ao Portal de Transparencia, e incluiremos os datos de execución e grandes cifras para que a información sexa accesible a todos.
- Celebraremos consultas cos cidadáns en temas chave para A Estrada.
- O Alcalde socialista renderá contas a final de ano sobre a acción do goberno, con explicacións exhaustivas e preguntas abertas sobre a información relativa ás partidas orzamentarias e calquera asunto de interese. Convocaremos reunións cos residentes de cada zona de A Estrada para expoñer persoalmente a acción do goberno en cada exercicio.
- Crearemos un servizo de xestión das relacións cos cidadáns para ofrecerlles respostas inmediatas ás súas necesidades. Disporán de orientación xurídica e acceso aos diferentes sistemas de protección social en saúde, educación, emprego, etc.

- Asinaremos convenios con outras administracións para axilizar a xestión de trámites administrativos de competencia compartida.
- Dixitalizaremos o arquivo municipal.
- Apostaremos e incentivaremos a formación continua de todo o persoal do concello. Tan só deste xeito melloraremos a eficiencia da xestión dos asuntos municipais e contribuiremos ao desenvolvemento profesional e persoal dos nosos traballadores.